

## Importadores británicos de planta ornamental visitarán viveiros da comarca

**Ferrol. 29/10/2009.** Produtores de planta ornamental da comarca terán a posibilidade de presentar os seus produtos, a próxima semana, aos importadores británicos que participan na misión inversa organizada pola Cámara de Comercio de Ferrol dentro do Plan de Fomento das Exportacións Galegas (FOEXGA).

Os empresarios procedentes do Reino Unido estarán en Galicia do 2 ao 5 de novembro para establecer contactos cun grupo de nove empresas galegas produtoras e comercializadoras de distintas variedades de árbores e arbustos ornamentais. Entre elas atópanse as firmas Horticina S.A., de Cerdido, e Hortival Narón S.L.

Non é esta a primeira ocasión en que a Cámara propicia contactos para exportar este produto a diferentes países. No mes de marzo recibíuse a visita doutro grupo de importadores chegados de Polonia, Hungría e Croacia.

De feito, nos últimos anos, nos plans de promoción de exportacións que promove o ente cameral, préstase especial atención a un sector que está facendo un esforzo moi importante para mellorar a súa competitividade a través da especialización da produción e a constitución de grupos comercializadores que lles permitan acceder aos mercados exteriores en mellores condicións.

Con misións inversas como esta, que tamén se organizan para outros sectores, a Cámara favorece que os exportadores galegos poidan mostrar directamente a súa produción a axentes interesados en distribuír os seus produtos en diferentes países.

A Asociación de Produtores de Planta Ornamental de Galicia (ASPROGA), que colabora coa Cámara na organización desta acción, cifra nunhas 1000 hectáreas a superficie que na nosa comunidade se destina a este tipo de cultivos.

A planta que producen máis viveiros galegos é a camelia, cuns 2,5 millóns de unidades ao ano, o que converte a Galicia nun dos principais produtores a nivel mundial. Pero as condicións de temperatura e pluviosidade permiten o cultivo doutras moitas especies, tanto propias de climas semitropicais como de climas fríos: tuías, buxo, rododendros, hortensias, bambú, acivros ou pradairos, entre outros.

